



BUSQUEDA

Enviar unha denuncia Login

Buscar

**PORTADA** | **COMARCAS** | **DEPORTES** | **DENUNCIAS** | **PROGRAMA** | **ESQUELAS** | **O TEMPO** | **OPINIÓN** | **CONTACTO**

Avion | Beariz | Boborás | Cea | Leiro | Maside | O Carballiño | O Irixo | Piñor | Punxín | San Amaro

# Os socialistas do Irixo denuncian a incompetencia do grupo de governo para legalizar as obras no río Viñao e dotar a O Irixo dunha praia fluvial

31, Xullo 2016 Cope Carballiño [Facebook](#) [Twitter](#) [WhatsApp](#) [Print](#)

Acusan ao goberno de incompetente á hora de arraxar a situación.

Piden a limpeza do cauce do río ao seu paso pola ponte debido á gran cantidad de lodo e sociedade acumulada.

O Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de O Irixo, Iago Fariñas Valiña, vén de presentar una MOCIÓN PARA A LEGALIZACIÓN DE OBRAS, LIMPEZA DO CAUCE DO RÍO AO SEU PASO POLA PONTE E A CONSTRUCCIÓN DUNHA VERDADEIRA PRAIA FLUVIAL NO IRIXO.

No ano 2000, hai xa máis de 15 anos, iniciouse o proxecto para mellorar o entorno do Río Viñao ao seu paso pola capitalidade deste Concello, coa posta en valor da súa ponte medieval e a súa praia fluvial, mesmo coa adquisición duns palleiros que, segundo as noticias da época, marzo de 2002: "o concello iniciou a recuperación de dous antigos palleiros de pedra... serán remodelados integralmente para que poidan albergar os vestuarios, as duchas e unha pequena cafetería para os visitantes e usuarios da praia fluvial do municipio.


O alcalde do Irixo, Manuel Penedo, subliñou que, neste pasado mes de febreiro, iniciáronse as obras de reforma nestes dous inmobles, e que se espera que finalicen antes do inicio da época estival.

Esta praia fluvial a carón do Río Viñao, servirá de lugar de emprazamento da antiga ponte medieval do municipio... sendo un dos principais atractivos turísticos do Irixo.".

Dito proxecto, de recuperación do entorno, ponte, e praia fluvial do Irixo, superou, xa no ano 2000, un gasto de 55 millóns das antigas pesetas da época, aos que se sumou outro proxecto no ano 2004, por valor de case 30 mil euros (29.449,59 €) para poder legalizar ante a confederación hidrográfica as obras realizadas que finalmente nunca foron legalizadas.

As devanditas obras teñen incoado Expediente sancionador contra este concello por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, expediente incoado o 30 de decembro de 2008 por "daños al Dominio Público Hidráulico", do que hai xa 8 anos. Dito expediente foi iniciado pola "realización de obras consistentes en la construcción de muros de hormigón en ambas márgenes del Río Viñao, a lo largo de setenta metros, construcción de aceras en ambas márgenes de sus zona de servidumbre e instalación de mesas y

RADIO EN DIRECTO



COPE CARBALLIÑO EN DIRECTO



ENLACE DIRECTO

TEMPO

O Carballiño

Hoxe, Xullo 31, 2016  
23:00-05:00Despexoado  
18 °CMañá, Agosto 1, 2016  
11:00-17:00Despexoado  
20 °CAgosto 2, 2016  
11:00-17:00Razoable  
23 °C

O tempo na Cope Carballiño datos obtidos de yr.no

CURTAS

CHEGA A O CARBALLIÑO O MUSICAL INFANTIL "A PATRULLA CANINA: CACHORROS EN ACCIÓN". LÚNS 25 DE XULLO ÁS 19:30 HORAS NO AUDITORIO MUNICIPAL.

SANTA UXÍA DE LOBÁS CELEBRA A FESTA ROMARÍA DA MADANELA. PROCESIÓN DE ANTORCHAS O DÍA 21 ÁS 9 DA NOITIÑA, O DÍA 22 MISAS E XANTAR DE ROMARÍA NA CARBALLEIRA DA MADANELA. VERBENAS EN COSTOIA CON ACIREMA, ISRAEL, ESTELARES, D'LÍDER E TREBOL.

FESTAS DE SAN BENITO EN MOLDES - BOBORÁS, OS DIAS 11 E 12 DE XULLO. AMENIZADAS COAS GRANDES ORQUESTAS CHARLESTÓN, OLIMPUS E LA FÓRMULA. MISAS TODA A MAÑÁ NA IGREXA PARROQUIAL. NO CAMPO DA FESTA HABERÁ PULPO E COSTELA ASADA.

9ª FESTA DA CABRA EN ANLLO, O DOMINGO DÍA 10 DE XULLO. DEGUSTACIÓN DE CARNE DE CABRA

mobilíario recreativo en zona de policía y servidumbre, sin contar con la preceptiva autorización administrativa de este Organismo de cuenca, en O Irixo..." e cunha sanción aplicable, segundo este propio organismo, entre os 6.010,13 euros ate os 30.050,61 € naquela data. Mediante Resolución da Confederación Hidrográfica Miño-Sil de data 14 de decembro de 2009, acordouse impoñer ao Concello de O Irixo unha sanción de 12.672,25 euros.

O 15 de xaneiro de 2010, o Concello interpuxo recurso de reposición e o 25 agosto do ano 2010 a Confederación hidrográfica dita unha resolución pola que declara ao Concello desistido da súa petición de legalización do expediente "al no haber presentado el peticionario dentro del plazo establecido los documentos preceptivos para la tramitación del expediente, que le fueron requeridos..." polo que Resolve; "PRIMERO.- Declarar desistido de su solicitud de legalización de un area recreativa ejecutada en dominio público hidráulico y zona de policía del río Viñao en A Ponte, Término municipal de O Irixo..." SEGUNDO.- Advertir al Ayuntamiento de O Irixo que debe abstenerse de realizar cualquier tipo de obra sin haber obtenido previamente la preceptiva autorización de este Organismo."

Posteriormente, o 11 de xaneiro de 2011, a Confederación hidrográfica resolve desestimar o recurso de reposición imposto e fixa segundo o punto terceiro da resolución, pola modificación de diversos regulamentos para adaptación á Lei 17/2009 de 23 de novembro , a imposición dunha multa de 3.155,31 € que debeu pagar o Concello do Irixo.

A pesar de todo o tempo transcorrido, máis de 15 anos, e o diñeiro que se gastou entre outros, na suposta praia fluvial do Irixo ao seu paso pola Ponte'; a realidade é que non existe tal praia, nin os seus vestiarios, nin duchas, nin ningún lugar neste Concello apropriado nin acondicionado para o baño dos veciños e veciñas do Irixo.

Tal como destaca o Portavoz socialista, Iago Fariñas, "nada se sabe deses famosos palleiros reconvertidos en vestiarios que nunca funcionaron e están pechados, o cauce do río está sucio e o baño é impracticable pola sucidade e falta de caudal; a pesares deses máis de 55 millóns das antigas pesetas e doutro proxecto posterior, de case 30 mil euros para legalizalo, legalización que nunca se fixo".

A realizade é que hai unha obra que pretendía ser unha praia fluvial, xa hai máis de 15 anos, moi custosa, da que se fixo moita publicidade e a cal se pretendeu executar sen os correspondentes permisos da Confederación hidrográfica, e que na actualidade ten unha orde de derribo por executarse mal e por non ser quien, este Concello, de arranxar e legalizar a situación para así dotar ós veciños e veciñas do Irixo dunha verdadeira praia fluvial como teñen outros concellos dende hai anos, con ben menos recursos que O Irixo.

Engade Iago Fariñas que :"consideramos unha incapacidade total deste goberno que en 15 anos, despois de todos os millóns que se investiron no entorno do río o seu paso pola Ponte no Irixo, non sexa quen de ter un espazo acondicionado de baño, e ademais teña un expediente sancionador con orde de derribo da Confederación hidrográfica e se teñan pagado multas por unhas obras mal planificadas, mal executadas e sen permisos, das que entendemos responsable a este goberno e a súa incapacidade xestora"

Dito todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista do Concello do Irixo presentou para a súa consideración e dado a sucidade do río ao seu paso pola Ponte e o estado ilegal das obras realizadas no seu entorno e a necesidade de dotar ós veciños e veciñas do Irixo dunha verdadeira praia fluvial inexistente no Irixo, na que insta ao Pleno municipal á adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1º.- Que o Concello do Irixo solicite á Confederación Hidrográfica a limpeza do caudal do río ao seu paso pola Ponte ou autorización para proceder a limpeza visto o estado de sucidade e lodos que se acumulan no entorno.
- 2º.- Que o Concello do Irixo retome o expediente da praia fluvial do Irixo e legalice as obras realizadas.
- 3º.- Que de ser o caso, se proceda á construción da praia fluvial do Irixo neste ou noutro emprazamento mais idóneo para desfrute dos veciños e veciñas do Irixo na época estival.

Desenrolado por coroa.es

GUIADA POR 8 EUROS, TAMÉN HABERÁ PULPO E OUTRAS VIANDAS, E ANIMACIÓN MUSICAL. RESERVAS NO TELÉFONO: 659 452 918.

A PARROQUIA DE MANDRÁS ( CEA ) CELEBRA AS FESTAS PATRONAIS DO 1 AO 3 DE XULLO. ACTUARÁN AS ORQUESTRAS PONTEVEDRA, CLAXXÓN, E CAPRICHO. AS PANDEREITEIRAS DE MANDRÁS E OS GAITEIROS OS ACHEGADOS.

CAMEIXA CELEBRA AS FESTAS DA VIRXEN DO ROSARIO, DO 1 AO 3 DE XULLO, CON VERBENAS AMENIZADAS POLAS ORQUESTRAS TRIBAL, CIUDAD DE VIGO, ISRAEL E A ACTUACIÓN DA EUROVISIVA LUCÍA PÉREZ.

A VILA DE LEIRO CELEBRA AS FESTAS DO PATRÓN SAN PEDRO. O DIA 29 DE XUÑO, CON MÚSICA DE BANDA E GAITEIROS, A CORAL VAL DO AVIA E NA VERBENA AS ORQUESTRAS PLAYERS E PANAMÁ.

CHEGA A O CARBALLIÑO O ESPECTÁCULO TEATRAL-MUSICAL INFANTIL "LOS PAYASOS DE LA TELE" CON RODY ARAGÓN. SÁBADO DIA 11 DE XUÑO ÁS 18:00 HORAS NO AUDITORIO MUNICIPAL. PREZO DA ENTRADA: 10 EUROS.

O HUMORISTA CARLOS BLANCO CLAUSURA O CICLO "CARBALLIÑO COMEDY". SÁBADO DIA 4 DE XUÑO ÁS 21 HORAS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CARBALLIÑO.

FESTA DO VIÑO TINTO DE CENLLE E RUTA DAS ADEGAS, OS DIAS 4 E 5 DE XUÑO. SERVIZO DE LUDOTECA INFANTIL POR 5 EUROS -CON MENÚ INFANTIL INCLUIDO-DAS 12 ÁS 17 HORAS DO DOMINGO